



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2007.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. MARCOS BLANCO JORGE

Concelleiros/as :

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)

D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ
(PSOE)

D^a MARIA BELEN VAZQUEZ
PADRON (PSOE)

D^a. MANUELA IGLESIAS
COLLARTE (PSOE)

DON JOSE PRIETO PEREZ (PSOE)

D. JOSE PEREZ IGLESIAS (PP)

D^a. SILVIA TABOADA FRANCISCO
(PP)

D. JUAN CARLOS FERNANDEZ
FERNANDEZ (PP)

DON LEANDRO CANITROT
TABOADA (PP)

D^a CRISTINA PEREZ DOPICO (PP)

D. FRANCISCO JAVIER CARREIRA
SEBIO (BNG).

DON ANGEL COLLARTE PEREZ
(BNG).

Secretario Xeral:

Jacobo Barreiro Pimentel

Interventor:

Carmen Gómez Otero

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20,30 horas do día VINTESETE DE DECEMBRO de 2007 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Don Jacobo Barreiro Pimentel, asistindo a Interventora municipal, Dona Carmen Gómez Otero.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 29 DE NOVIEMBRE PASADO (ORDINARIA).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección á acta do 29 de Novembro de 2007, ao que se lle resposta negativamente, resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- DACIÓN DE CONTA DE:

A) RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 19 de Outubro, unha, sobre aboamentos.

Do 26 de Outubro, unha, sobre aboamentos.

Do 31 de Outubro, unha, sobre aboamentos.

Do 9 de Novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 19 de Novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 20 de Novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 21 de Novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 22 de Novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 26 de Novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 27 de Novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 28 de Novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 29 de Novembro, dúas, sobre aboamentos.

Do 30 de Novembro, dúas, unha sobre materia de obras e outras da súa competencia e outra sobre aboamentos.

Do 3 de Decembro, unha, sobre aboamentos.

Do 4 de Decembro, dúas, unha sobre asignación de avogado para recurso contencioso administrativo, Procedemento Ordinario 136/07 presentado ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Ourense e outra sobre aboamentos.

Do 5 de Decembro, tres, unha sobre materia de obras e outras da súa competencia ,outra sobre indemnización por responsabilidades da Administración e outra sobre aboamentos.

Do 7 de Decembro, unha, sobre aboamentos.

Do 10 de Decembro, unha, sobre aboamentos.

SEGUN B) DOS EXPEDIENTES DE XERACIÓN E INCORPORACIÓN DE CREDITOS DO DO SEMESTRE.

- Xeración de crédito , expediente Num-5 , ano 2007 , Importe 294.663,10 €
- Xeración de crédito , expediente Num-6 , ano 2007 , Importe 207.310,30 €.
- Xeración de crédito , expediente Num-7 , ano 2007 , Importe 16.340,00 €.
- Xeración de crédito , expediente Num-8 , ano 2007 , Importe 8.500,00 €.
- Xeración de crédito , expediente Num-9 , ano 2007 , Importe 4.253,00 €.
- Xeración de crédito , expediente Num-10 , ano 2007 , Importe 193.052,14 €.

3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.deG. P.S.O.E.,SOBRE A ESTRADA PROVINCIAL OU-667.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Servizos Municipais celebrada o pasado día 20 de Decembro que di: “

“JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ, VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO P.SdeG. P.S.O.E., presenta para o seu debate no Pleno a seguinte moción:

MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.deG. P.S.O.E., sobre a ESTRADA PROVINCIAL OU-667.-

EXPOSICION DE MOTIVOS.-

Dende fai varios anos o P.SdeG. P.S.O.E. leva facendo reivindicacións relativas as comunicacións existentes entre os diversos municipios integrantes da comarca do Ribeiro, en concreto a mellora do Ponte sobre o río Miño en Castrelo de Miño, os famosos cinco km. da vía denominada “Paralela” (OU—801 e PO-801) o seu paso polo Concello de Filgueira, vía que comunica a provincia de Ourense coa de Pontevedra.

Dentro do capítulo de inversións da Xunta de Galicia a través da COTOP, para o vindeiro ano atopáronse reflexadas partidas para acometer o novo Ponte de Castrelo como o arranxo da estrada que comunica os diversos municipios do Ribeiro con Castrelo de Miño (Estrada OU-403), así como tamén está en proceso de licitación o arranxo da vía denominada “Paralela”, e se esta a facer un novo ponte en Cortegada que comunicará as dúas márxenes do río.

Nestes intreos queda sen arranxar unha única vía, de titularidade provincial, que comunica Ribadavia co veciño municipio de Arnoia (OU-667), estrada importante e complementaria das restantes para conquistar unha boa comunicación de todos os Concellos da Comarca. A problemática principal estase a suscitar na Ponte existente o seu paso polo núcleo da Foz, xa que o seu estado é o mesmo que cando se construíu, con pequenos parches, se ben as mesmas curvas, o mesmo ancho e case o mesmo firme.

Indicar que dita vía está prantexar problemas de acceso de camiós de determinado tonelaxe pola ponte existente, co o atranco para a saída de tanta xente e, incluso para a economía da zona por falla de comunicación axeitada.

E por todo elo propoñemos o Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte acordo:

Solicitar da Deputación Provincial, a elaboración dun Plano Provincial de Estradas na que se contemplan todas as necesidades da provincia, e en particular que se acometan as obras necesarias de ensanchamento da ponte existente na estrada OU 667, ou en todo caso a realización dunha vía alternativa (novo ponte) que de un servizo axeitado os veciños da comarca do Ribeiro, tanto para o acceso de vehículos coma camiós. Ribadavia, 14 de decembro de 2007”.-

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: por unanimidade dictaminada favorablemente a moción presentada.

Intervén Don Angel Collarte Perez voceiro do grupo municipal do B.N.G. para manifestar o apoio a moción presentada, aínda que considera que tamén deberían mellorarse outras infraestruturas noutros puntos, PERO que considera en todo caso necesarias as obras propostas.

Intervén Don José Pérez Iglesias, voceiro do grupo municipal do P.P., para manifestar, que aínda que o seu grupo manifestase a favor da moción presentada, debese

ter en conta que, os problemas non se arranxan exclusivamente con esta medida , dado que a Ponte do tren é estreita, e debería ampliarse tamén a Ponte de Fomento . Solicita pois que esta moción vaia avompañada doutro tipo de medidas coa finalidade de que os camións de alto tonelaxe pasen por fora da Vila.

Intervén Don José Ignacio Gómez Pérez, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que si presentan esta moción é porque botan en falta unha mellora destas Infraestructuras , pedindo, tanto esta , coma outras , encontrándose algunha delas xa en proceso de licitación . Así dentro do capitulo de inversións da Xunta de Galicia para o vindeiro ano atopanse reflexadas partidas para acometer o novo Ponte de Castrelo como o arranxo da estrada que comunica os diversos municipios do Ribeiro con Castrelo de Miño (Estrada OU-403), como tamén está en proceso de licitación o arranxo da vía denominada “Paralela”, e se esta a facer un novo ponte en Cortegada que comunicará as dúas márxenes do río. Pero o espírito da moción, non e outro que , a Diputación elabore un Plán Provincial de Estradas que recolla estas melloras. Acerca da ampliación da ponte sobre a carretera , e importante que se faga un estudio sobre esta posibilidade , os Técnicos informarán sobre a viabilidade desa ampliación ; pero a día de hoxe esta vía é a que temos e de ahí esta moción .

Intervén Don Angel Collarte Perez voceiro do grupo municipal do B.N.G. para manifestar que considera atinadas as observacións do voceiro do P.P..

Intervén Don José Pérez Iglesias, voceiro do grupo municipal do P.P., para manifestar que as cuestións técnicas, antesreferidas, non son tanto técnicas como que están a vista de todo o mundo.

Intervén Don José Ignacio Gómez Pérez, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que, evidentemente cantas máis solucións mellor , pero a día de hoxe o principal problema é que non collen nin dous turismos .

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción do grupo municipal do P.S.deG. P.S.O.E. relativo a ESTRADA PROVINCIAL OU-667.-, obténdose o seguinte resultado: fica aprobado por unanimidade.

4.- APROBACION, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVICIO DE XANTAR NA CASA DO CONCELLO DE RIBADAVIA.

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda Parque Empresarial e Viveiro de Empresas celebrada o pasado día 20 de Decembro que di: “

Toma a palabra o Presidente efectivo, don JAVIER IGLESIAS SENDÍN, para pór en coñecemento dos membros da comisión o Regulamento da organización e funcionamento dos servizos públicos municipais de comedor sobre rodas, ou “xantar na casa”, indicando que no mesmo contemplase a fixación dun prezo público pola prestación de dito servizo, explicando de seguido o mesmo.

O Sr. Pérez Iglesias, voceiro do P.P., sinala que debería estudiar unha rebaixa no tramo de ingresos inferiores a 312,42 euros.

De seguido procédese a votación quedando ditaminado favorablemente por unanimidade, o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- A aprobación inicial do Regulamento de organización e funcionamento do servizo de Xantar na Casa do Concello de Ribadavia.

SEGUNDO.- A exposición pública de dito acordo de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello para a presentación de reclamacións polos interesados nos trinta días a partir da publicación no diario oficial da provincia. No suposto de non presentarse reclamacións ou alegacións, o mesmo quedará aprobado definitivamente sen necesidade dun novo acordo plenario.

TERCEIRO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda que se adopten, así coma o texto do Regulamento, cuxa publicación conterà o texto completo do mesmo.”

Intervén Don Francisco Javier Carreira Prieto Concelleiro do B.N.G. manifestándose a favor de esta iniciativa , dado que é un inicio , e como tal hay que tomalo con prudencia , pero hay que començar e poñelo en marcha ; e aínda que tratase dun Proxecto pequeno pola propia dinamica da poboación vai ser necesario , aínda que costoso.

Intervén Don José Pérez Iglesias, voceiro do grupo municipal do P.P., para manifestar que o seu grupo mostrase a favor de dita iniciativa , resaltando que o alegado na Comisión Informativa debese a que non se dera de conta que tratábase dun Proxecto experimental. De todas maneiras pensa que sería mellor ,aínda que máis costoso, que a comida se levara , día a día , en lugar de un día para toda a semana ; de esta maneira garantimos que se distribue mellor entre os beneficiarios desta iniciativa.

Intervén Don Javier Iglesias Sendín , concelleiro do P.S.de.G P.S.O.E. para explicar que tratase dun Programa Piloto , no que toman parte Vicepresidencia e o Concello , así como as persoas que o soliciten .O Proxecto xoga con dúas variables que son ; a renda, así como as persoas que compoñen a unidade familiar , tratando de levarse posteriormente , se hay unha maior demanda e capacidade a máis persoas.

Intervén Don Francisco Javier Carreira Prieto manifestando que o Servicio debe ser prestado por Empresas que teñan capacidade para prestalo, preferiría que fosen Empresas de Rivadavia , pero non se poden facer experimentos , posto que ten que ser un bo servicio , e se non poden ser Empresas de Rivadavia , terán que ser de fora.

Intervén Don José Pérez Iglesias, voceiro do grupo municipal do P.P., para manifestar que todo o que se poida facer polos maiores vai contar coa colaboración do seu grupo.

Intervén Don Javier Iglesias Sendín , concelleiro do P.S.de.G P.S.O.E. para explicar que aínda que se trata dun Proxecto Piloto , este xa se presta con éxito pola

mesma Empresa noutros sitios , e que dito Proxecto conta co seguimento dos Servicios Sociais.

Intervén Don Marcos Blanco Jorge , Alcalde-Presidente deste Excmo.Concello , para aclarar que , non se trata dun proxecto Experimental , se non Piloto , dado que inicialmente so van recibir este servicio dez persoas . Para a prestación deste Servicio o Concello vai a ser a Administración que máis aporta con 9000 € . Desta maneira demostrase , a aposta que está a realizar este Goberno polos servicios municipais , uns Servicios que espera sigan crecendo , que os cidadáns agora coñecen e , en consecuencia ,esixen ; sendo a nosa obrigación a prestación dos mesmos.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación inicial ou non do REGULAMENTO DO ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVICIO XANTAR NA CASA obténdose o seguinte resultado: fica aprobado por unanimidade.

5.- CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE RIBADAVIA E A ASOCIACION DE DISCAPACITADOS FISICOS DE CARBALLIÑO E COMARCA, PARA A RECOLLIDA SELECTIVA DE ACEITES FRITOS USADOS, PILAS CARTON, PAPEL, PLASTICO, CARTUCHOS DE IMPRESORA E FAX.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Especial de Contas e Informativa de Medio Ambiente Urbanismo e Vivenda celebrada o pasado día 20 de Decembro que di: “

A Sra. Presidenta da conta do referido convenio, indicando que o mesmo ten por obxecto a realización da recollida selectiva de aceite frito usado, Pilas, Cartón, Papel, Plásticos, Cartuchos de Tinta de Impresoras, Fax, latas de Refrescos, no municipio de Ribadavia, coa finalidade de fomenta-la súa recuperación e reciclaxe, procedentes da hostalería, hospitais, colexios, comunidades de veciños, etc.; dí que a recollida de aceitas xa se viña facendo e agora tratase e ampliar a recollida, explicando de seguido o procedemento que se vai a seguir en cada unha das recollidas. Finaliza a súa intervención proponendo a aprobación do texto do convenio que se acha no expediente e facultando o Sr. Alcalde para proceder á sinatura do convenio entre este Concello de Ribadavia, e a Asociación de Discapacitados Físicos de Carballiño.

De seguido o Sra. Presidenta efectiva, somete a votación ordinaria a aprobación ou non de dito convenio, obténdose o seguinte resultado: por unanimidade, fica dictaminado favorablemente.”

Intervén Don Angel Collarte Perez voceiro do grupo municipal do B.N.G. para manifestar o apoio a esta iniciativa posto que vai ser positivo tanto para a Asociación como para o Concello .

Intervén Don José Pérez Iglesias, voceiro do grupo municipal do P.P., para manifestar o seu apoio a esta iniciativa.

Intervén Don José Ignacio Gómez Pérez, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que o desempeño por este colectivo deste tipo de actividades fomenta a súa integración na sociedade.

Intervén Don Marcos Blanco Jorge , Alcalde-Presidente deste Excmo.Concello , para manifestar a necesidade de que os vecinos chegen a un acordo de maneira que cada un teña o seu propio bidón .

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación inicial ou non. CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE RIBADAVIA E A ASOCIACION DE DISCAPACITADOS FISICOS DE CARBALLIÑO E COMARCA, PARA A RECOLLIDA SELECTIVA DE ACEITES FRITOS USADOS, PILAS CARTON, PAPEL, PLASTICO, CARTUCHOS DE IMPRESORA E FAX obténdose o seguinte resultado: fica aprobado por unanimidade.

6.- ADOPCION DE DIVERSOS ACORDOS RELATIVOS O PROXECTO DENOMINADO “AMPLIACION E RENOVACION DA REDE DE ABASTECIMIENTO NA ZONA DE VENTOSELA-RIBADAVIA”.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Obras Públicas e Infraestructuras celebrada o pasado día 20 de Decembro que di: “

Sr. Presidente efectivo da Comisión da conta dunha proposta da Alcaldía que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

“DON MARCOS BLANCO JORGE, ALCALDE-PRESIDENTE DO 1º TMO. CONCELLO DE RIBADAVIA (OURENSE).-

Visto o escrito do organismo autónomo Augas de Galicia de data 30.11.07, rexistro de entrada no Concello de data 05.12.07 relativo o proxecto denominado “Ampliación e renovación da rede de Abastecemento na zona de Ventosela-Ribadavia, esta Alcaldía, propón o Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Solicitar, á Presidencia do Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 90% do custo das obras.

2º.- Comprometerse á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como tódalas autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.

3º.- Renunciar expresa á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

4º.- Compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

5º.- Compromiso de actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada ó custo das obras que se realizan, e a súa explotación e amortización (Art. 9f. Do Decreto 84/1997).

6º.- Compromiso de ingresar-lo trinta por cento (30%) da anualidade, calculada de acordo coa metodoloxía sinalada no referido artigo, na Caixa de Augas de Galicia, ó longo dun período de vinte (20) anos, e que se destinará á reposición de infraestructuras hidráulicas ou a construción doutras novas.

7º.- Compromiso de achegar, a Augas de Galicia, a cantidade total de 56.357,83€, correspondente ó 10% do presuposto das obras que financiará o Concello, coas seguintes anualidades:

- Ano 2008: 28.178,92€
- Ano 2009: 28.178,91€
-

8º.- Facultar ó Sr. Alcarde-Presidente para solicita-lo financiamento do 90% do orzamento das obras.Ribadavia, 17 de decembro de 2007”.-

De seguido o Sr. Presidente efectivo, somete a votación ordinaria a aprobación ou non de dita proposta, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.S.O.E. e B.N.G.); reserváanse para o Pleno, os membros do P.P.. Por conseguinte, por maioría absoluta, fica dictaminada favorablemente.”

Intervén Don Angel Collarte Perez voceiro do grupo municipal do B.N.G. para manifestar que tratase dunas obras básicas para atender o Servicio de Augas , puidéndose chegar a recibir un 90% do custo das obras , o que se traduce en máis de medio millón de euros, considerando , por tanto , correctos os termos do concello para a adopción do acordo.

Intervén Don José Pérez Iglesias, voceiro do grupo municipal do P.P., para manifestar o seu apoio a todo o que sexa mellorar O Concello , aínda que teñen entendido que existen casos onde a cantidade percibida alcanza a sufragar o custo das obras ata un 100% das mesmas.

Intervén Don José Ignacio Gómez Pérez, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que vaise facer un esforzo para unha zona con déficit de Infraestructuras.Polo que respecta o financiamento das mesmas , o 90% e o máximo do importe , poñendo Augas un baremo que ten que ser soportado polo Concello , sendo en todo caso unha cantidade perfectamente asumible.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a adopción ou non destes ACORDOS RELATIVOS O PROXECTO DENOMINADO “AMPLIACIÓN E RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA ZONA DE VENTOSELA -RIBADAVIA. obténdose o seguinte resultado: Votos a prol- oito , seis dos membros do P.S.de.G P.S.O.E. e máis dous dos membros do B.N.G.; en contra-ningún ;abstencións cinco dos membros do P.P..Fica aprobado por maioría absoluta.

7.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CREDITO 2/2007.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda Parque Empresarial e Viveiro de Empresas celebrada o pasado día 20 de Decembro que di: “

Intervén Don Javier Iglesias Sendín, Presidente efectivo da Comisión para introducir por urxencia o expediente de modificación de créditos nº 2/2007 por importe de 14.143,52 euros, o cál achase no expediente; sinala que o mesmo realizase para implementar a partida relativa a Mancomunidades que nestes intres atopase esgotada, debido o custo do deposito de materiais no punto limpo; dí que dita cuestión haberá que analizala xa que lle supón un

custo excesivo para o concello sobre todo cando a maioría dos depositantes son industrias e comercios.

De seguido sométese a votación a urxencia da proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sométese a consideración dos señores asistentes a aprobación ou non da devandita Modificación, co teor que que acha no expediente, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.S.O.E. e B.N.G.); votos en contra, os membros do P.P.- Por conseguinte, por maioría absoluta dos presentes, fica dictaminada favorablemente.”

Intervén Don Francisco Javier Carreira Prieto concelleiro do B.N.G. manifestándose a favor da aprobación deste Expediente de Modificación de Crédito , dado que o mesmo é totalmente necesario . Respecto a xestión do Punto Limpo suxire que deberíase estudar algunha formula coa finalidade de que as Empresas paguen ese canon , dado que en moitas ocasións , estas , o repercuten no consumidor . Manifestase , tamén a favor de que se lle esixa a Mancomunidade para que envíen a documentación completa , posto que na actualidade , carecese de datos para saber se os K.g expostos son ou non certos.

Intervén Don José Pérez Iglesias, voceiro do grupo municipal do P.P., para manifestar que, o seu Grupo vai votar en contra por todo o anteriormente exposto.

Intervén Don Javier Iglesias Sendín , concelleiro do P.S.de.G P.S.O.E. para explicar que , aínda que se mostra dacordo co dito anteriormente , non queda máis remedio que pagar para que a Mancomunidade non suprima o servizo do punto limpo. Se ben é certo que xa levan tempo exixindo da Consellería un mellor control deste servizo , dado que , aínda que se manda unha relación das empresas , a dúbida volve a xurdir en canto os K.g declarados.

Intervén Don Francisco Javier Carreira Prieto concelleiro do B.N.G. para manifestar que, se ben entende as referencias o control , feitas polo voceiro do Grupo municipal do P.P. , non entende a negativa a aprobación do Expediente de Modificación , dado que é totalmente necesario dado que , se non se paga non se pode botar no Punto Limpo . Outra cousa é , que o Concello utilice todas as medidas de que dispón , tanto legais coma a través dos técnicos , para reclamar estas melloras do servizo , incluso , ante o Contencioso Administrativo.

Intervén Don José Pérez Iglesias, voceiro do grupo municipal do P.P., para manifestar que, podese avisar o público para que recollan os tickets cos K.g pesados , coa finalidade de facer un control .

Intervén Don Marcos Blanco Jorge , Alcalde-Presidente deste Excmo.Concello , para manifestar estar dacordo co anteriormente manifestado . Que están a facer as xestións

oportunas para que a planta pase a Xunta de Galicia coa finalidade de que faga unha xestión clara.

Manifestando , tamén , a súa sorpresa ante a suxerencia feita polo voceiro do grupo municipal do P.P. de que se pidan os tickets , dado que cando o P.S.de G P.S.O.E. chegou o poder , pediron esos tickets , e a negativa da Mancomunidade a esa petición motivou a marcha do Concello da Mancomunidade . Espera así que todas esas vergoñas queden o aire coas Sentencia Xudiciais firmes que mostren esa xestión oscurantista .

Intervén Don José Pérez Iglesias, voceiro do grupo municipal do P.P., para pedir a palabra por alusións.

Intervén Don Marcos Blanco Jorge , Alcalde-Presidente deste Excmo.Concello , para aclarar que esas manifestacións eran contra a Mancomunidade.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non deste EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CREDITO 2/2007.- obténdose o seguinte resultado: Votos a prol- oito , seis dos membros do P.S.de.G P.S.O.E. e máis dous dos membros do B.N.G.; en contra- cinco dos membros do P.P..Fica aprobado por maioría absoluta .

8.- APROBACIÓN DA REVISIÓN DA RETRIBUCIÓN A AQUALIA CORRESPONDENTE O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE SETEMBRO 2005 A SETEMBRO 2006.

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda Parque Empresarial e Viveiro de Empresas celebrada o pasado día 20 de Decembro que di: “

Polo Presidente, don Javier Iglesias Sendín, explícase aos membros da comisión que a revisión faise en función de fórmulas polinómicas contempladas nas bases para a adxudicación a empresa e interveñen coeficientes e factores diversos, facéndose dita revisión todos os anos.

O Sr. Carreria Sebio, dí que haberá que ter unha reunión con Aqualia, xa que haberá que revisar o plano de inversiones.

O Sr. Pérez Iglesias, manifesta que nestes derradeiros anos levase producindo unha mellora na rede e eso está a beneficiar a empresa, xa que os custos en reparacións son menores.

O Sr. Presidente da Comisión sinala que non existe inconveniente en manter unha reunión coa empresa para prantexarlle diversas cuestións sobre o funcionamento do servizo.

De seguido procedese á votación, resultando ditaminado favorablemente, cos votos a favor dos membros do grupo municipal do PSOE e do BNG e votos en contra dos membros do grupo municipal do P.P., o seguinte acordo:

“Aprobación da revisión da retribución a AQUALIA correspondente ao período comprendido entre setembro 2005 a setembro 2006.”

Intervén Don Francisco Javier Carreira Prieto concelleiro do B.N.G. para manifestar que , non lle parece serio que o grupo municipal do P.P. aprobase no seu momento o prego de privatización do servizo , e que agora o P.P. vote en contra . Resalta que o B.N.G participou no prego , pero non na privatización , o único que se fai agora e cumprir co prego , precisando que todas as Empresas teñen os seus fallos , pero o servizo funciona relativamente ben , aínda que espera que mellore.Opina que o mellor e chegar a acordos , para o que sería bo que se crease unha comisión que se reuna coa finalidade de chegar aos mesmos , e que as relacións sexan o máis fluídas posibles.Outra cousa e a actualización duna fórmula que aparece recollida no prego de cláusulas , formulas que o normal é actualizalas cando se traballa con precios.

Intervén Don José Pérez Iglesias, voceiro do grupo municipal do P.P., para manifestar que efectivamente , cando eles estaban no Goberno fixose a privatización , e , efectivamente nese momento as súas relacións coa Empresa Concesionaria non eran boas , por entender que non cumprían todo o que tiñan que cumprir . Entende que os prezos subiron , pero tamén entende que , si a rede de abastecemento mellorou , foi gracias as obras do Concello . Tamén entende que hay que cumprir , sempre que se cumpra por ambas partes , polo que ao seu xuízo non existe contradicción algunha nas súas manifestacións.

Interven Don Javier Iglesias Sendín para explicar a formula , e para manifestar a súa sorpresa polo voto en contra do grupo municipal do P.P. , dado que non se esta a aprobar nada que anteriormente non se recollese , nin fose formalizado anteriormente nun contrato firmado polo P.P. Resalta que cando chegaron o Goberno , había tres Contenciosos entre a Empresa e o Concello , despois de tres reunións e negociacións , as cousas melloraron ; e aínda que as negociacións foron arduas e difíciles , as cousas melloraron e a Empresa Concesinaria foi cedendo , coma tamén tivemos que ceder nos , cousa que tamén e normal cando se chega a acordos , acordos gracias os cales os veciños non se viron afectados .

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non do APROBACIÓN DA REVISIÓN DA RETRIBUCIÓN A AQUALIA CORRESPONDENTE O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE SETEMBRO 2005 A SETEMBRO 2006. - obténdose o seguinte resultado: votos a prol – oito,seis dos membros do P.S.de.G P.S.O.E. e máis dous dos membros do B.N.G.; en contra- cinco dos membros do P.P..Fica aprobado por maioría absoluta .

9.- PROPOSTA DO B.N.G. DE RIBADAVIA ENCOL DO PARQUE MEDIOAMBIENTAL DE CARBALLEDA DE AVIA.

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda Parque Empresarial e Viveiro de Empresas celebrada o pasado día 20 de Decembro que di:

“De seguido Don Francisco Xabier Carreira Sebio, concelleiro do grupo municipal do B.N.G., fai a presentación da seguinte moción de urxencia:

“PROPOSTA DO BNG DE RIBADAVIA ENCOL DO PARQUE MEDIOAMBIENTAL DE CARBALLEDA DE AVIA

O Pleno do Concello de Ribadavia insta a que a eventual ubicación dun Parque Medioambiental en Carballeda de Avia debe garantir o cumprimento das seguintes premisas:

1.En ningún caso se utilizará o método da incineración para o tratamento dos residuos tal e como queda establecido no convenio de colaboración asinado entre a Consellaría de Vivenda e Solo e a Consellaría de Medio Ambiente para a execución deste parque.

2.En ningún caso se reciclarán no parque substancias que se poidan reputar como perigosas e que poidan afectar aos recursos hídricos do subsolo e outros recursos naturais da zona.

3. En ningún caso se realizarán no parque unha macroplanta de tratamento de lodos das depuradoras.

4. En definitiva o Parque Medioambiental de Carballeda de Avia debe ser un centro de reciclaxe e transformación de materiais que teñan un valor engadido e que xeren emprego e aporten crecemento económico á comarca pero garantindo, en todo caso, que as actividades que se desenvolvan non supoñan un menoscabo ou prexuízo doutras actividades económicas que tradicionalmente se veñen desenvolvendo na comarca.

5. O Parque Medioambiental de Carballeda de Avia debería integrarse debidamente no Plan Galego de Residuos.

6. Como Parque singular de tratamento de residuos debería ter un organismo de control do parque no que participasen Consellerías da Xunta (Medio Ambiente, Vivenda e Solo, Medio Rural,...Sanidade), Consello Regulador ou empresarios da zona, Concellos afectados...grupos ecoloxistas.

O Pleno acorda aprobar estas condicións e a súa comunicación tanto á Consellaría de Vivenda e Solo, como redactora do Plan Sectorial, como á Consellaría de Medio

Ambiente e Desenvolvemento sostible solicitando unha resposta inmediata sobre a súa aceptación Ribadavia a 18 de decembro de 2007.”

De seguido sométese a votación a urxencia da moción, quedando aprobada por unanimidade.

Intervén Don José Pérez Iglesias, voceiro do grupo municipal do P.P., para sinalar que o proposto non é a aspiración do seu grupo pero algo é algo; solicita que se abra un debate entre as Consellerías e os sectores implicados, indicando que asumindo que é necesario o tratamento de residuos, deberíase buscar outras alternativas menos perxudiciais para a súa ubicación.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para sinalar que non se trata dunha proposta pechada e está aberto a consensuala con todos os grupos municipais.

Don José Prieto Pérez, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que varias das cuestións que se prantexan na moción xa foron respostadas pola Consellería de Medio Ambiente, indicando que se o proxecto fose perxudicial para Ribadavia o grupo municipal do P.S.O.E. sería o primeiro en poñerse detrás da pancarte, cuestión que xa teñen demostrado en moitas ocasións; dille o Sr. Pérez Iglesias, que non faga demagogia, xa que o lixo non vai a vir para Carballeda. Finaliza a súa intervención dicindo que o seu grupo reservase para o Pleno xa que non tivo coñecemento ata agora da moción presentada.

O Sr. Pérez Iglesias, dí que non fai demagogia, indicando as reiteradas contradicións que se reflexaron sobre o tema nos diversos medios de comunicación, insistindo que o lugar proposto non é o adecuado para este tipo de instalacións.

O Sr. Carreira Sebio, sinala que con esta moción tratase de acotar todas as cuestións e que todo quede documentado para un axeitado funcionamento das instalacións.

Intervén a Sra. Iglesias Collarte, Presidenta efectiva da Comisión, para sinalar que o pasado día 13 celebrouse unha comisión do Consello Municipal de Medio Ambiente, a cal non asistiron nin os membros do P.P. e B.N.G., na cal falou do parque mediambiental, indicando que sería o lugar axeitado para haber presentado esta proposta.

De seguido o Sra. Presidenta efectiva, somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (B.N.G. e P.P.), reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E.. Por conseguinte, por maioría absoluta, fica dictaminada favorablemente. “

Tras unha reunión da Xunta de Portavoces o texto final da moción agora conxunta entre o P.S. de G. P.S.O.E. e máis o B.N.G. encol do Parque Medioambiental de Carballeda de Avia, é o que segue.

“O Pleno do Concello de Ribadavia insta a que a eventual ubicación dun Parque Medioambiental en Carballeda de Avia debe garantir o cumprimento das seguintes premisas:

1. En ningún caso se utilizará o método da incineración para o tratamento dos residuos tal e como queda establecido no convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Vivenda e Solo e a Consellería de Medio Ambiente para a execución deste parque.

2. En ningún caso se reciclarán no parque substancias que se poidan reputar como perigosas e que poidan afectar aos recursos hídricos do subsolo e outros recursos naturais da zona.

3. En ningún caso se realizarán no parque unha macroplanta de tratamento de lodos das depuradoras.

4. En definitiva o Parque Medioambiental de Carballeda de Avia debe ser un centro de reciclaxe e transformación de materiais que teñan un valor engadido e que xeren emprego e aporten crecemento económico á comarca pero garantindo, en todo caso, que as actividades que se desenvolvan non supoñan un menoscabo ou prexuízo doutras actividades económicas que tradicionalmente se veñen desenvolvendo na comarca.

5. O Parque Medioambiental de Carballeda de Avia debería integrarse debidamente no Plán Galego de Residuos.

6. Como Parque singular de tratamento de residuos debería ter un organismo de control do parque no que participasen as diferentes Consellerías da Xunta, Concellos afectados, e os diferentes axentes sociais e económicos.

7. O parque medioambiental de reciclaxe de Galicia que se vai a facer en Carballeda de Avia, será modelo en cumprimento das Directrices Europeas e as Leis e Normativa aplicable tanto a nivel estatal como autonómico.

8. Cumpríndose estes compromisos, con esta moción queremos expoñer dende a corporación de Ribadavia o noso posicionamento a favor da instalación do devandito Parque Medioambiental de Reciclaxe de Galicia en Carballeda de Avia.

O Pleno acorda aprobar estas condicións e a súa comunicación tanto á Consellería de Vivenda e Solo, como redactora do Plan Sectorial, como á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible solicitando unha resposta inmediata sobre a súa aceptación Ribadavia a 18 de decembro de 2007.”

Intervén Don Angel Collarte Perez voceiro do grupo municipal do B.N.G. para manifestar que inicialmente foi unha proposta do B.N.G., proposta que agora e conxunta tras unha Xunta de Portavoces, aínda que o B.N.G. foi o primeiro en manifestarse por escrito. Afirma que desas manifestacións proceden os cinco primeiros puntos da moción.

Resalta que vai facer unha semana dende que presentouse un Informe no que faise mención dos puntos incontrolables existentes no Ribeiro, o Goberno Galego ten a obriga

de solucionar estes problemas de tratamento de residuos , e de verquidos , sempre salvaguardando os intereses de todos os vecinos da Comarca. Aclara que os últimos puntos da moción tampouco son contrarios o sentir do B.N.G. , o P.P. estaba dacordo na Comisión coa proposta presentada polo B.N.G.

Intervén Don José Pérez Iglesias, voceiro do grupo municipal do P.P., para manifestar que o plantexamento do seu grupo é suficientemente razonado, a negativa o Parque Mediambiental de Carballeda . Fai mención de que , nos papeis oficiais de que dispón , non fala doutros tratamentos distintos da incineración , así coma na explicación que fai o Conselleiro , fala de Residuos Sólidos Urbáns , polo que supón que veñen outros dispositivos de tratamentos de residuos (biomasa, gasificación).

Quere deixar claro que o seu grupo non quere nin macroplanta , nin microplanta. No Plan de Residuos Sólidos Urbáns fala duna planta en Ourense pero non fala de onde.

Non lle parece xusto que se teñan que recibir todos os residuos de Vigo , para iso que fagan a macroplanta alí , e aforrarián custos en transporte , non podendo por como excusa a cercanía da autovia a Carballeda dado que hay moitos mais sitios que cumpren con isa condición , pensando que a planta debe ser colocada no lugar onde faga menos dano. O seu grupo non pode aprobar ista moción , porque sería aprobar a situación da macroplanta en Carballeda , localización coa que non está dacordo.

Intervén Don José Ignacio Gómez Pérez, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar o voceiro do grupo do P.P. que ou non liron o papel ou ben non o entenderon . Que Residuos sólidos urbáns , son plástico e vidro , e que o lixo do que fala o S.r Iglesias é outra cousa .

Afirma que se o P.S.O.E. reservouse para o Pleno foi para suscribir estes puntos o 100% , desta maneira queda patente que o P.S.O.E. sempre manifestou esta adhesión ao Parque , de feito mostra desta afirmación é que foron os primeiros en manifestarse por escrito , e así quedou recollido no seu programa electoral. Prosigue deixando claro que a incineración non vai ser empregada , tal y como se firmou no Convenio.

Continua a sua exposición , aclarando que o Plán de residuos Sólidos Urbáns , non contempla ningún vertedoiro en Carballeda e que o que non se pode facer é enganar a xente facendo este tipo de afirmacións.

Intervén Don Angel Collarte Perez para aclarar que cando se fala no punto 6 ou 7 , se están a referir o cumprimento dos requisitos legais e técnicos , nese sentido os partidos que sosteñen o Goberno Galego son os mesmos cos da Corporación , polo que supón non van a facer actuacións en contra do Concello.

Intervén o S.r Perez Iglesias para facer constar que os datos antes aportados procedían do D.O.G.A. , e máis na Paxina Web do Concello de Carballeda.

Polo que respecta os residuos sólidos urbáns , aclara que o escrito do Conselleiro , antesreferido , fala de máis sustancias ca o papel. Acerca das referencias feitas polo S.r Angel Collarte sobre o cumprimento dos requisitos legais e técnicos , responde o S.r Iglesias que, soamente faltaba iso , que non os cumpriren , pero xa houbo outros casos nos que coa mesma lei , as decisións adoptadas foron distintas , polo que con isa falta de transparencia , o seu grupo non pode aprobar unha iniciativa , que ,ademáis afecta a inha zona onde a densidade de poboación é moi grande , e ,se poñe en perigo a maior riqueza da que dispón estas terras , que non é outra ca natureza , a paisaxe.

Ofrecese para buscar entre todos , un lugar onde esa planta dane menos , e , este ofrecemento o fai precisamente porque cree no que dí.

Intervén o S.r José Ignacio Gómez Pérez para responder que eles tamén creen no que dín . E con a documentación que posuen , teñen que creer no goberno e nas premisas que lles dan , porque eles non se opoñen sistemáticamente como fai o grupo do P.P.

Aclara , que eles tamén están disposto a que exista debate , sempre que este sexa serio , dado que falan de Plantas de reciclaxe e mais Empresas non de residuos , por iso o defende o seu grupo , e acerca do ofrecemento para buscar outro sitio , feita polo S.r Iglesias , responde que igual preferiría , que a Planta fose a situarse nun Concello do seu partido.

En referencia a mención do S.r Iglesias acerca de que o Parque situase na zona máis poblada , o S.r José Ignacio Gomez , responde , que igual coa Planta si que convertese nunha zona poblada , poblada de xenté xoven que o que necesita é traballo ;por iso o P.S.O.E apoia este Parque , por que cumpre coas mellores condicións para a súa instalación , e se , tivese algún problema , ou fose perigoso , o P.S.O.E. de Rivadavia e o seu Alcalde a cabeza , serían os primeiros en porse detrás da pancarta de protesta.

O S.r Iglesias pide a palabra por alusións para aclarar que os datos aportados , anteriormente , na súa intervención , eran datos que aparecían no D.O.G.A. , e que tamén había declarado o Conselleiro. E que se o medo é que o Parque vaia parar a un Concello gobernado polo P.P. , non se preocupen , por que aínda así , oporíanse o mesmo.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da MOCIÓN CONXUNTA DO B.N.G. E P.S.O.E EN PROL DO PARQUE MEDIAMBIENTAL DE CARBALLEDA DE AVIA -Obtendose o seguinte resultado , votos a prol – oito,seis membros do P.S.de.G P.S.O.E. e máis dous dos membros do B.N.G.; en contra- cinco dos membros do P.P..Fica aprobado por maioría absoluta .

9.- MOCIONS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se producen.

Concluído o anterior, ás dez e cuarto da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO

